



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MELIDE

Anuncio: modificación da mesa de contratación permanente

ANUNCIO: MODIFICACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente de data 23 de novembro de 2023, adoptou, o seguinte acordo en relación á modificación da Mesa de Contratación Permanente:

PRIMEIRO: Modificar, de conformidade co establecido no art. 326 en relación coa Disposición adicional segunda 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e co disposto no art. 21.4 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, a Mesa de Contratación Permanente quedando a mesma coa seguinte composición:

Presidente/a:

Titular: O administrativo: Jesus Manuel Cea Vázquez.

Suplente: A administrativa : María de la Cruz Mosquera Sánchez.

Vogais:

Titular: A Secretaria Xeral Municipal: María Cruz Andrade García.

Suplente: O funcionario que a substitúe con carácter accidental ou quen legalmente a substitúa.

Titular: A Interventora Xeral Municipal: María Teresa Buján Mosquera.

Suplente: O funcionario que a substitúe con carácter accidental ou quen legalmente a substitúa.

Titular: A arquitecta técnica: Patricia Abellería Sánchez.

Suplente: A técnica de Administración Xeral: Begoña Barredo de Valenzuela Ortiz.

Titular: O técnico de xestión económico financeira : Javier Anido Vázquez.

Suplente: O técnico de normalización lingüística: Joaquin Vázquez Rodríguez.

Secretario/a:

A funcionaria administrativa de contratación (María del Mar Guardo Bande), que poderá ser substituída por un funcionario/a do Concello designado pola alcaldía da subescala administrativa ou superior.

SEGUNDO: Réxime Xurídico da Mesa de Contratación Permanente.

1. A Mesa de Contratación permanente reunirse naqueles casos nos que a convoque a alcaldía, en atención aos expedientes de contratación que deba de coñecer e que, conforme ao artigo 326 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público esixan a súa intervención.

2. Para a válida constitución da Mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros e, en todo caso, o Presidente, o Secretario, e como vogais a Secretaria e a Interventora Xerais.

3. Todos os membros da Mesa de Contratación terán voz e voto, agás o Secretario que actuará con voz pero sen voto. A Mesa poderá propoñer á Presidencia o nomeamento de cantos asesores considere conveniente en razón dos seus especiais coñecementos técnicos, que poderán asistir ás súas reunións, con voz e sen voto, naqueles procedementos de contratación nos que a complexidade das valoracións das ofertas así o aconselle, sen que teñan a consideración de membros da Mesa de Contratación, nin outra función que a de informar e asesorar de forma non vinculante.

4. A Mesa de Contratación permanente rexerese, en canto ao seu funcionamento, pola presente Resolución e polo disposto na Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público e no artigo 21.4 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

5. A composición da mesa de contratación publicarase no perfil do contratante sen prexuízo da publicación do presente acordo no BOP de A Coruña.

CUARTO: Efectos.

A presente Resolución debe publicarse no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia e producirá efectos dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO: Dar traslado deste acordo aos/ás interesadas.

SEXTO: Facultar ao alcalde para a realización de cantos trámites sexan necesarios en dereito para a execución deste acordo, entre elas dar conta á Xunta de Goberno Local unha vez que se constituía en canto órgano que ten delegadas as competencias en materia de contratación da Alcaldía.

Melide, 27 de noviembre de 2023

O alcalde / José Manuel Pérez Penas

2023/9393